
NORMATIVA INTERNA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA (Aprobada en Xunta de Facultade o 24 de outubro 2023)

Información xeral

Esta normativa ten como propósito establecer os aspectos de cumprimento con relación ao alumnado propio que faga unha mobilidade nacional ou internacional e ao alumnado entrante.

Os destinos de mobilidade varían en función do programa de mobilidade, nacional ou internacional. O alumnado interesado en solicitar unha praza nalgún dos programas de mobilidade que ofrece a Universidade de Vigo deberá consultar as bases de cada convocatoria, ben como o listado de destinos/prazas para conseguir información específica sobre as universidades de destino. Se recomenda, ademais, que o alumnado acceda á información das diferentes universidades de destino e dos responsables de mobilidade para aclarar dúbidas sobre a oferta de materias en cada curso académico pois pode haber variación na demanda ofrecida.

Todo o proceso relativo á solicitude de unha praza nos diferentes programas de mobilidade o xestiona a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo, por iso para solucionar dúbidas relativas á propia convocatoria, os impresos, os prazos, as posibles bolsas asociadas aos diferentes programas (o calquera outro aspecto de carácter administrativo) o alumnado debe dirixirse directamente á ORI contactando a través de vía presencial nalgunha das súas oficinas, teléfonos ou correos electrónicos (Oficina de Relaciones Internacionales, Edificio Miralles, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo. +34 986 813 550 | 986 811 947 outgoing.ori@uvigo.gal | incoming.ori@uvigo.gal).

Se o alumnado é beneficiario dunha praza de mobilidade nacional ou internacional e desexa facela, debe, antes, renunciar ás prazas de mobilidade concedidas previamente. Por iso, para aceptar unha nova praza concedida, debe renunciar a unha praza previamente aceptada.

De producirse renuncias nun prazo inmediato (e sempre que sexa posible facerse todas as xestións correspondentes na universidade de orixe e na de destino), a ORI poderá activar as listas de agarda, no caso de habelas.

O alumnado participante en calquera programa de intercambio deberá matricularse na universidade de orixe e na universidade de destino. So pagará dereitos de matrícula na universidade de orixe. Para os asuntos relacionados coa matrícula na Universidade de Vigo, o alumnado deberá poñerse en contacto coa área Académica de Grao en Fisioterapia (seccss@uvigo.gal).

Durante o mes de outubro de cada curso académico, o alumnado dos diferentes cursos do Grao en Fisioterapia e do Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia é convocado para unha reunión informativa facilitada polo/la coordinador/a de mobilidade da Facultade de Fisioterapia. Nesa reunión explícanse particularidades relativas aos diferentes programas de mobilidade e dos diferentes destinos. Ademais, ofrécese a posibilidade de tutorías individuais co/a coordinador/a de mobilidade para solucionar dúbidas concretas relacionadas con casuísticas individuais do alumnado.

En ningún caso, a Facultade de Fisioterapia ou o/a coordinador/a de mobilidade poderá informar nin tramitar aspectos relacionados coas posibles bolsas para a realización de mobilidades nacionais ou internacionais ou compatibilidade entre elas. O alumnado deberá consultar esta información nos servizos correspondentes (outgoing.ori@uvigo.gal e <https://novo.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/becas>).

Materias e ECTS no contrato de estudo

En ningún caso o alumnado saínte poderá levar no contrato de estudos menos de 18 ECTS se a súa mobilidade realízase durante un so cuadrimestre (1º ou 2º cuadrimestre), ou ben 36 ECTS no caso de mobilidades con duración de todo o curso académico, sexan mobilidades nacionais ou internacionais. Este requisito de créditos mínimos non se aplica ao alumnado entrante. Con relación aos créditos máximos a constar no contrato, recoméndase 30 ECTS + 6 ECTS para estancias de un cuadrimestre ou 60 ECTS + 6 ECTS para estancias de todo un curso académico. Este criterio de créditos máximos tamén aplicarase ao alumnado entrante.

As materias do Grao en Fisioterapia da Universidade de Vigo que nunca poderán integrar o contrato de estudos, en mobilidade nacional ou internacional, serán aquelas nas que o alumnado tivese un suspenso. Tampouco poderán incluírse no contrato de estudos aquelas materias que previamente teñan sido incluídas en contratos de estudo en mobilidades nacionais ou internacionais previas e que teñan recibido unha cualificación de suspenso ou non presentado. Finalmente, o Traballo Fin de Grao (TFG) e o Traballo Fin de Máster (TFM) son materias que non poderán ser incluídas nun contrato de estudo de alumnado saínte, quedando en aberto a posibilidade de integrar o contrato de alumnado entrante se o/a coordinador/a de mobilidade da universidade de orixe así o considere.

Con relación ás materias TFG e TFM, no caso de que o alumnado entrante a teña no seu contrato de estudos, avaliárase pola Comisión de Calidade da Facultade de Fisioterapia e ratifícase na Xunta de Facultade, se procede, calquera solicitude de que o TFG ou TFM escritos e a súa defensa oral pódase facer nun idioma diferente (preferentemente o inglés) ao castelán e ao galego, que son as dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo. O alumnado propio do Centro que queira postular a entrega da versión escrita e defensa oral do TFG nun idioma diferente ao castelán e o galego tamén deberá encamiñar solicitude para a súa avaliación en Comisión de Calidade do Centro. No caso do alumnado do máster interesado en postular a entrega do TFM noutro idioma diferente ao castelán e o galego deben encamiñar a solicitude á Comisión Académica do Máster.

A modificación de matrícula, no caso de facerse, debe ocorrer nun prazo máximo de un mes de iniciada a estadía de intercambio na universidade de destino. Tal posible modificación debe ser analizada e pactada co/a responsable de mobilidade da Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo e debe axustarse á oferta formativa dispoñible no destino. Una vez pactada a modificación de matrícula, o/a alumno/a é o/a responsable de comunicar a modificación de matrícula á Área Académica de grao da súa titulación e de proceder á modificación de matrícula na universidade de destino. Non aceptáranse peticións de modificación de matrícula para un mesmo cuadrimestre pasado o período establecido. Naqueles casos nos que o/a alumno/a realice unha estancia de intercambio de todo o curso e desexa realizar unha modificación (sempre que esta sexa administrativamente posible) pasado o prazo de un mes, so poderá afectar ás materias a cursar durante o segundo cuadrimestre.

Cando o/a alumno/a vai de mobilidade nacional ou internacional e ten materias matriculadas na Universidade de Vigo que non van no contrato de intercambio, o/a responsable de mobilidade da Facultade de Fisioterapia non ten competencia en autorizar a súa posible modificación.

Materias *English Friendly* e materias impartidas en inglés

No Grao en Fisioterapia e no Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia da Universidade de Vigo, existen materias caracterizadas como *English Friendly*. Tal caracterización implica que esas materias son impartidas en castelán ou en galego, con todo, o/a alumno/a pode solicitar ser avaliado en inglés, ben como solicitar titorías en inglés e ser orientado en como acceder a material de apoio ao aprendizaxe en inglés. No Anexo I pódense ver as materias ofertadas *English Friendly* en ambas titulacións. A única materia do Grao en Fisioterapia impartida en inglés é a materia Inglés para Ciencias da Saúde, materia optativa do 3º curso e de 1º cuadrimestre.

Esixencias de idiomas

O alumnado entrante, sempre que non sexa procedente dun país castelán falante, debe presentar una certificación mínima de idioma de A2 en castelán para que poida existir un aproveitamento mínimo do proceso de aprendizaxe nas materias ofertadas no Grao en Fisioterapia. Ademais, o alumnado entrante deberá ser consciente que parte das materias do grao impártese en galego por ser a lingua propia da Universidade de Vigo e cooficial co castelán.

O alumnado saínte que desexe realizar unha mobilidade nacional en outra comunidade autónoma española bilingüe deberá ser consciente das esixencias da universidade de destino e conformarse a tal esixencia.

De igual forma, o alumnado que realice unha mobilidade internacional asume a responsabilidade recibir docencia e ser avaliado na lingua de docencia da universidade de destino o do inglés, no seu caso, se a universidade de destino así o permita.

Recoñecemento de créditos e cualificacións

Previamente á realización da mobilidade, sexa esta nacional ou internacional, o/a alumno/a debe entregar ao responsable de mobilidade da Facultade de Fisioterapia (ou a través de las plataformas correspondentes), o contrato de estudos asinado por todas as partes. Sen este documento o/a alumno/a non poderá optar ao recoñecemento de créditos unha vez finalizada a súa estancia.

Despois da realización das diferentes mobilidades polo alumnado saínte, as universidades de destino deben enviar á Universidade de Vigo ou ao/a coordinador/a de mobilidade o certificado de notas correspondente ás materias incluídas no Contrato de Estudos. Soamente con a chegada dese documento, o/a coordinador poderá realizar o recoñecemento de créditos y cualificacións e cubrir as actas correspondentes a cada Contrato de Estudos. Non poderase cubrir as actas sen que estes documentos cheguen á Universidade de Vigo ou á Facultade de Fisioterapia, con independencia de que as estancias teñan sido finalizadas polo/la alumno/a e que coñezan as súas cualificacións por algún medio.

A transcripción das cualificacións ás correspondentes da Universidade de Vigo faise en base á recomendación da Normativa de Movilidad de la Universidade de Vigo.

No caso do alumnado alleo, este será avaliado en base aos criterios establecidos nas guías docentes das materias nas que están matriculados, e será o coordinador de cada materia que incluirá a nota na acta correspondente. Será a Universidade de Vigo a responsable de enviar ás universidades de orixe as certificacións de notas unha vez finalizado o período de peche de actas.

Mobilidades nacionais (Programa SICUE)

As mobilidades nacionais ocorren polo programa SICUE. A oferta de destinos e prazas publícase no apartado de Mobilidade da páxina web da Facultad de Fisioterapia. Tal listado actualízase cada curso académico en función dos convenios vixentes.

<http://fisioterapia.uvigo.es/gl/estudiantes/mobilidade/>

A selección de alumnado que será beneficiado de unha praza de mobilidade nacional faise a través da ORI e o único criterio de selección é a nota de expediente académico alcanzada ata o momento de presentación de solicitudes.

O/a coordinador/a de mobilidade ratifica ou non a selección realizada pola ORI en función de incompatibilidades que poidan existir en base a esta normativa. O alumnado finalmente seleccionado debe presentar a aceptación da praza asignada en tempo e forma establecidos na convocatoria e debe contactar co/a coordinador/a de mobilidade para xestionar o Contrato de Estudos que deberá estar aprobado tamén pola universidade de destino con anterioridade á realización da estancia.

Mobilidade Internacional – Programa Erasmus+

O programa Erasmus+ permite a mobilidade internacional con países comunitarios. A oferta de destinos y prazas publícase no apartado de Mobilidade da páxina web da Facultade de Fisioterapia. Tal listado actualízase cada curso académico en función dos convenios vixentes.

<http://fisioterapia.uvigo.es/gl/estudiantes/mobilidade/>

A ORI realiza unha admisión de candidatos e cando finalmente publícase o listado definitivo de admitidos, o listado propio de candidatos de cada Centro envíase ao/á coordinador/a de mobilidade da Facultade para a selección de destinos de cada solicitante. No noso Centro, a selección de candidatos/as lévase a cabo en función da 1ª opción de destino indicado na solicitude de cada candidato/a e en base a eses tres criterios de desempate nese orde:

- 1º criterio: Ter mais alto grao de certificación oficial do idioma de docencia do destino, ou no seu defecto do idioma inglés, no momento de presentación da solicitude;
- 2º criterio: Ter mais créditos superados no Grao en Fisioterapia no momento de presentación da solicitude;
- 3º criterio e último: Ter mais alta nota media de expediente académico.

So no caso de que sobren prazas, o alumnado que non teña conseguido destino na primeira ronda terá asignado os destinos da súa segunda ou terceira opción. O listado provisional de

selección interna faise público por correo electrónico aos admitidos e a través do taboleiro de anuncios ao lado de Conserxería da Facultade. Establécese un prazo de 5 días útiles para a presentación e reclamacións referentes ao listado provisional, presentado por correo electrónico con acuse de recibo ao/á coordinador/a de mobilidade do Centro. Publícase o listado definitivo de seleccionados do Centro no mesmo formato que o listado provisional. O listado definitivo de selección do Centro envíase á ORI para a súa publicación en tempo e forma establecidos na convocatoria.

Unha vez emitida resolución definitiva o alumnado debe presentar a aceptación da praza en tempo e forma establecidos na convocatoria e se procede ao nomeamento deses como alumno/a nomeada pola Universidade de Vigo (ese procedemento faise pola ORI). Unha vez aceptados/as como alumnos/as en mobilidade pola universidade de destino, o alumnado debe buscar o/a coordinador/a de mobilidade para a elaboración do Contrato de Estudos na Plataforma *Moveon*. Ese contrato debe estar aprobado pola universidade de destino, pola de orixe e polo/la alumno/a con anterioridade á realización da estancia Erasmus+. O prazo para facer as modificacións do Contrato de Estudos é de un mes dende o comezo das clases de cada cuatrimestre.

Mobilidade Internacional – Bolsas Propias (Países extracomunitarios)

En virtude dos convenios de cooperación asinados entre a Universidade de Vigo e outras institucións de ensino superior extracomunitarias, o alumnado de grao pode optar a realizar unha mobilidade internacional con algunha desas institucións. A ORI publica a convocatoria e os/as alumnos/as interesados/as deben presentar as súas solicitudes en tempo e forma establecidos na convocatoria. Pódense consultar as convocatorias previas (buscar oferta de prazas nos anexos á convocatoria) na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/tipo/mobilidade-estudiantes?qSearch=bolsas%20propias>

Na convocatoria pódese consultar os destinos con os que a Universidade de Vigo ten convenio e o alumnado debe consultar se o seu grao impártese nas diferentes institucións con convenio nas que poida ter interese en realizar unha mobilidade, pois os convenios

institucionais permiten a mobilidade de 4 alumnos/as por institución (4 alumnos/as en total), pero para calquera grao. O alumnado consulta a web de cada universidade e os seus respectivos Plans de Estudo para o Grao en Fisioterapia e elabora unha proposta de estudos a cursar durante a súa mobilidade. Con as súas propostas na man, o alumnado debe consultar co/a coordinador/a de mobilidade sobre a viabilidade da súa proposta de estudos a unha universidade concreta. Será cando o/a coordinador/a autorice esa proposta que o/a alumno/a pódela presentar en tempo e forma na convocatoria. O alumnado pode presentar a cantidade de solicitudes que considere oportuna. Se suxire que o alumnado interesado en presentarse á convocatoria de bolsas propias que investigue con anterioridade á publicación da convocatoria destinos de interese en convocatorias previas.

Libre Mobilidade

Son aquelas estadias académicas temporais que pode realizar o alumnado nunha institución de educación superior estranxeira para facer estudos relacionados cunha titulación oficial da Universidade de Vigo, sen o requisito de concesión dunha praza de mobilidade nalgún dos programas, acordos ou convenios subscritos pola Universidade de Vigo.

O alumnado pode consultar a normativa na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/211>

Para información relacionada con algunha proposta por parte do alumnado, débese consultar co/a coordinador de mobilidade.

Anexo I

Materias English Friendly

Grao en Fisioterapia:

- Anatomía humana: Anatomía humana - 1º curso 1º cuatrimestre
- Cinesiterapia – 2º curso 1º cuatrimestre
- Fisioterapia en Trastornos Neuromotrices – 3º curso 1º cuatrimestre
- Fisioterapia no Linfedema – 3º curso 2º cuatrimestre
- Rehabilitación Cardíaca – 3º curso 2º cuatrimestre

Máster en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia:

- Exercicio terapéutico na prevención e tratamento de enfermidades cardiovasculares - 1º curso 1º cuatrimestre
- Exercicio terapéutico no tratamento de enfermidades neurodegenerativas e na diversidade funcional – 1º curso 1º cuatrimestre
- Exercicio terapéutico en persoas maiores – 1º curso 1º cuatrimestre
- Prácticas externas – 1º curso 2º cuatrimestre